

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

- 5211** *Real decreto 287/2014, do 25 de abril, polo que se modifica o Real decreto 336/2010, do 19 de marzo, polo que se establecen as especialidades dos corpos de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para a inclusión das novas especialidades de coreano e de polaco.*

O Real decreto 336/2010, do 19 de marzo, polo que se establecen as especialidades dos corpos de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu as especialidades docentes dos corpos de funcionarios que teñen ao seu cargo as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. O Real decreto 1595/2011, do 4 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 336/2010, do 19 de marzo, engadiulle a este unha disposición adicional única mediante a cal os funcionarios dos corpos de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas da especialidade «Español para Estranxeiros», adquirida antes da entrada en vigor do Real decreto 336/2010, do 19 de marzo, e da especialidade «Español Lingua Estranxeira», adquirida conforme o dito real decreto, quedaron adscritos á especialidade «Español» incorporada ao anexo do Real decreto 336/2010, do 19 de marzo, en substitución da anterior, mediante rectificación de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número. 214, do 3 de setembro de 2010.

Con posterioridade, o Real decreto 999/2012, do 29 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, incluíu o idioma polaco entre as ensinanzas curriculares de idiomas de réxime especial, e o Real decreto 426/2013, do 14 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial para a inclusión do idioma coreano, fixo o propio con este idioma.

En virtude da competencia estatal recoñecida pola Constitución española no artigo 149.1.1.^a, 18.^a e 30.^a para establecer as bases do réxime xurídico das administracións públicas e o réxime estatutario dos funcionarios, para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e para establecer normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, e co fin de garantir un ensino común de calidade impartido polo profesorado máis idóneo, procede agora establecer as novas especialidades de Coreano e de Polaco entre as especialidades dos corpos de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas.

Na elaboración do presente real decreto foron consultadas as comunidades autónomas a través da Conferencia de Educación e o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas emitiu informe. Así mesmo, conta co informe da Comisión Superior de Persoal e co ditame do Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de abril de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 336/2010, do 19 de marzo, polo que se establecen as especialidades dos corpos de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

O Real decreto 336/2010, do 19 de marzo, polo que se establecen as especialidades dos corpos de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo único queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo único. *Especialidades docentes dos corpos de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas.*

As especialidades docentes para o ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas son as que se relacionan no anexo.»

Dous. O anexo queda redactado da seguinte maneira:

«ANEXO

Especialidades docentes dos corpos de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas

Alemán.
Árabe.
Chinés.
Coreano.
Danés.
Espanhol.
Finés.
Francés.
Grego.
Inglés.
Irlandés.
Italiano.
Xaponés.
Neerlandés.
Polaco.
Portugués.
Romanés.
Ruso.
Sueco.
Linguas cooficiais das comunidades autónomas⁽¹⁾.

⁽¹⁾ Cada unha das linguas que sexa oficial na respectiva comunidade autónoma.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de abril de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA